


implica2

IMPLICACIÓN FAMILIAR E RENDEMENTO ACADÉMICO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A EFECTIVIDADE DUN PROGRAMA PARA PAIS E NAIS

Edición a cargo de
Agustín Godás Otero
Elena Fernández Rey



Implicación familiar
e rendimiento académico
en educación primaria

Implicación familiar e rendemento académico en educación primaria

A efectividade dun programa para pais e nais

Guía de implementación

Edición a cargo de

Agustín Godás Otero
Elena Fernández Rey

2020

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© **Universidade de Santiago de Compostela, 2020**

Ilustración de cuberta

Adela e Olga Godás Sabio

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

Deseño e maquetación

Paula Cantero, origamiestudio.com

<https://dx.doi.org/10.15304/im.2021.1376>

Autores/as

Godás Otero, Agustín (ed.)

Fernández Rey, Elena (ed.)

Cambeiro Lourido, María do Carmen

Ceinos Sanz, Cristina

García Álvarez, Jesús

López Castro, Leticia

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel

Míguez Salina, Gabriela

Núñez García, Jérica

Nogueira Pérez, Miguel Ángel


Sotelino Losada, Alexandre

Varela Portela, Cristina

Vázquez Rodríguez, Ana

Índice

INTRODUCCIÓN	6
FAMILIAS	7
PRIMEIRA PARTE: COMUNICACIÓN E FAMILIA	
Sesión 1: Os inicios da adolescencia.....	8
Sesión 2: De que falamos?	13
SEGUNDA PARTE: IMPLICACIÓN FAMILIAR	
Sesión 3: A responsabilidade das familias ante o estudo dos/as fillos/as	22
Sesión 4: O traballo escolar no fogar	30
ALUMNADO	45
PRIMEIRA PARTE: COMUNICACIÓN E FAMILIA	
Sesión 1: Os inicios da adolescencia.....	46
Sesión 2: De que falamos?	51
SEGUNDA PARTE: IMPLICACIÓN FAMILIAR	
Sesión 3: A relación coa escola.....	58
Sesión 4: O traballo escolar no fogar	61



Introdución

O que vamos a desenvolver durante as catro sesións deste programa quere ser un apoio para os/as pais/nais e unha axuda para os/as fillos/as nunha serie de cuestións que inciden na vida escolar e na súa educación en xeral.

Hoxe en día podemos asegurar, de maneira científica e obxectiva, que cando os/as pais/nais se implican na educación dos/as seus/súas fillos/as e cando saben polo que están pasando como persoas, estalles fortalecendo no seu desenvolvemento e apoiando na base para alcanzar calquera meta: a súa motivación.

Isto é o que queremos traballar durante estas sesións, dialogando e intercambiando ideas e adaptándoas ás necesidades do grupo.

Para conseguilo, elaboramos un programa dividido en catro sesións nas que falaremos do inicio da adolescencia, da comunicación entre nais/pais e fillos/as, das relacións entre a familia e a escola, do traballo escolar no fogar. A Guía divídese en dúas seccións, unha orientada á familias e outra para o alumnado.

IMPLICACIÓN FAMILIAR E RENDEMENTO ACADÉMICO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A EFECTIVIDADE DUN PROGRAMA PARA PAIS E NAIS

FAMILIAS

PRIMEIRA PARTE COMUNICACIÓN E FAMILIA

SESIÓN 1

Os inicios da adolescencia

1.1. Os cambios dos/as nosos/as fillos/as

1.1.1. O físico

1.1.2. O pensamento

1.1.3. A imaxe de si mesmo/a

1.2 Que significa todo isto?



1.1. Os cambios dos/as nosos/as fillos/as

Nesta sesión¹ falaremos sobre as características máis importantes da etapa vital na que están os/as nosos/as fillos/as. O que pretendemos é que teñan a información necesaria para poder distinguir o:

«NON SEI ou NON PODO» de «NON QUERO, NON TEÑO GANAS».

→ **Imos realizar unha actividade moi sinxela.**

Cales son os principais temas de conflito que tedes cos/coas vosos/as fillos/as?

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....
- 7.....
- 8.....
- 9.....
- 10.....



Nota para educador/a


Despois de que as familias identifiquen os temas conflictivos, o/a educador/a explicará que, segundo distintas investigacións, as situacións que adoitan xerar estes conflitos pódense concretar nas seguintes: tarefas domésticas, tarefas escolares, relacións entre irmáns/ás, horarios (traballo, lectura, fóra da casa), relacións entre pais/nais e fillos/as e relacións con amizades.

En que coinciden coas que sinalaron os/as fillos/as?

¹ Esta sesión do programa foi deseñada co apoio de Palacios, J. et al. (2002). *Desarrollo psicológico y educación I. Psicología evolutiva*. Madrid: Alianza Psicología.

Que está a cambiar nos/as nosos/as fillos/as nos últimos anos de primaria?

Pensem nunha roda na que están escritas unha serie de palabras que representan os feitos que repercuten directamente sobre o seu traballo na escola...



Esta roda pode ir cara adiante, cara atrás, frear ou acelerar. Todo isto acontece dunha forma tan rápida que non somos capaces de ver a roda, por iso nós ímola analizar en cámara lenta.

1.1.1. O físico

1. Dominan as posturas do seu corpo.
2. Teñen máis forza muscular.

PODEN ESFORZARSE, UN PASO MOI IMPORTANTE PARA SER AUTÓNOMOS/AS.



Nota para educador/a

Esforzarse significa que podemos pedirles que fagan cousas que, nun primeiro momento, poden parecerlles difíciles ou incómodas, pero que os/as adultos/as sabemos que son capaces de facer: **participar axudando ou realizar tarefas en solitario.**

3. Gústalles competir e as leccións que debemos ensinarlles son:

Primeira: Gañar ou perder, é dicir, os RESULTADOS, non é tan importante como facer todo o ESFORZO posible para poñerllo difícil ao contrario.

Segunda: Cando se obteñen malos resultados non todos son erros, tamén hai cousas que se fixeron ben.



Nota para educador/a

Débase resaltar o que se fai ben ou o que se fai mal, analízalo e lembralo para repetilo ou melloralo.

→ Actividades suxeridas:

- Relacionadas co traballo da nai e/ou do pai.
- Relacionadas co traballo de adultos/as significativos/as.
- Preparar unha comida ou un doce (pais/nais e fillos/as).
- Fixarse nun/nunha deportista, se lles gusta un determinado deporte.

4. É capaz de tomar conciencia das súas capacidades e limitacións. Nós e os/as nosos/as fillos/as debemos saber, e temos que expresalo en familia, O QUE SE NOS DÁ BEN E O QUE SE NOS DÁ MAL.



Nota para educador/a

Suxerir ás familias como tarefa para a próxima sesión, ou como inicio da mesma, que escriban cousas que se lles dan ben e cousas que se lles dan mal, tanto sobre eles/as mesmos/as, como dos/as seus/súas fillos/as.

1.1.2. O pensamento

1. Son capaces de pensar antes de actuar.
2. escoitan, poden ir máis aló... poden IMAXINAR.
3. Poden concentrarse nunha tarefa durante 40 minutos aproximadamente.
4. Poden controlarse a si mesmos/as:
 - Xa coñecen as normas, aínda que haxa que repetirlas para que as lembren (funciona o «se coa...», pensamento complexo).
 - Son capaces de conciliar desexos con esixencias, «o que me apetece co que non pode ser».

→ Actividade

ESTAS SON AS BASES PARA SER E SENTIRSE AUTÓNOMO/A:

- Na hixiene, no comer e no vestir.
- Para poñer a mesa, recoller a súa roupa, facer compras pequenas, ordenar a súa habitación, preparar o material escolar.
- Realizar recados, preparar unha comida sinxela, planificar gastos e aforrar, elixir actividades de lecer.

Cantas destas cousas fai o/a teu/túa fillo/a sen a túa axuda?



Nota para educador/a

É posible facelo de forma oral, en forma de coloquio, ou ben rexistrar as súas respostas no *Caderno para Familias* para a súa posterior avaliación.

1.1.3. A imaxe de si mesmo/a

Os pais e nais non son os únicos que teñen influencia sobre os/as mozos/as, pero son a principal fonte de APOIO E CONTROL.

Estamos a falar de profesores/as, compañeiros/as de clase, amizades, outros familiares, veciños/as e aquelas persoas que lles serven de referencia ou modelo (os seus ídolos).

Todos/as eles/as falan co/coa mozo/a para dicirlle:

- «Eres un/unha bo/a estudante».
- «Eres unha boa persoa».
- «Queremos ser os teus amigos/as».
- «Gústanos como eres».

Por suposto que tamén poden dicirlle o contrario, o negativo. Está aprendendo a saber quen é, a imaxinar o que pensan del ou dela e a elixir con quen quere estar.

→ Actividade

Cales son os cambios que máis chaman a atención nos/as vosos/as fillos/as?



Nota para educador/a

É posible facelo de forma oral, en forma de coloquio, ou ben rexistrar as súas respostas no *Caderno para Familias* para a súa posterior avaliación.

1.2. Que significa todo isto?

- Dominan o seu corpo.
- Poden pensar máis aló do que teñen diante.
- Buscan unha xustificación ás normas que lles esiximos.
- Concilian desexos e esixencias.
- Son conscientes das súas capacidades e limitacións.
- Apóianse cada vez máis nas amizades.
- Son conscientes de que ocupan un lugar no mundo, están aquí por e para algo.

PRIMEIRA PARTE COMUNICACIÓN E FAMILIA

SESIÓN 2 De que falamos?

- 2.1. A comunicación en familia
- 2.2. Como comunicamos aos/ás nosos/as fillos/as que valoramos as súas calidades?
- 2.3. Como podemos traballar este tema?

2.1. A comunicación en familia



Nota para educador/a

Pregunta aos/ás pais/nais: Lembrades o que traballamos na sesión anterior?... Que cambios se producen na adolescencia?...

Vamos a facer un pequeno repaso.

Nesta sesión pretendemos:

- Mellorar a cantidade e a calidade da comunicación familiar.
- Comprender mellor as mensaxes dos/as fillos/as.
- Solucionar as necesidades dos/as fillos/as.
- Aumentar e utilizar os hábitos comunicativos positivos.
- Reducir e evitar os hábitos comunicativos negativos.

A importancia da comunicación

A comunicación favorece a cohesión familiar e permite asentar as bases dunha relación de axuda e/ou acompañamento. Dedicar un tempo cada día para intercambiar vivencias, sentimentos, pensamentos, de forma sa e fluída, estreita as relacións familiares, axuda a solucionar as dificultades relacionais que se presenten e aumenta as posibilidades de que os/as nosos/as fillos/as acudan a nós cando necesiten axuda e consello.

A través do diálogo os/as pais/nais podemos coñecer mellor aos/ás nosos/as fillos/as: cales son os seus sentimentos, as situacións que están a vivir, os temas que lles preocupan, os cambios repentinos de actitude que presentan nun momento determinado ou as mensaxes implícitas das súas condutas.

Veamos algúns exemplos ilustrativos:

- O meu fillo é un adolescente de 14 anos que me desconcerta cos seus cambios repentinos de actitude. Pode ignorarme ao pasar ao seu lado ou, ao contrario, darme unha aperta e bicarme sen parar. Ás veces respóndeme de forma agresiva ás preguntas que lle fago, contestándome «A ti non che importa!», e outras coméntame cousas persoais sen que lle preguntara nada. E aínda que sei que son cambios da adolescencia, custa entendelo e moitas veces preguntome que fixen mal.
- Silvia ten 13 anos e fai dous meses que discutiu co seu pai e non lle saúda. Para sorpresa do pai, un sábado pola mañá Silvia deulle os bos días e bicouno na fronte, tal e como facía antes. O pai púxose contento e pensou que xa lle pasara o enfado. Despois de comer, Silvia pediulle que a levase a ela e a unha amiga á piscina municipal. O pai levounas e foi buscalas a última hora da tarde. De volta a casa, Silvia ignoraba de novo ao seu pai.

A comunicación tamén nos permite aclarar e explicar as súas dúbidas e canalizar toda a información que reciben por diferentes medios (amigos/as, colexio, internet...). Por outra banda, a linguaxe permítenos expresar as nosas ideas e expoñer os motivos das nosas condutas e decisións.

Con respecto aos/ás nosos/as fillos/as, a comunicación axudaralles a asumir os cambios físicos, afectivos e relacionais que están a experimentar. Facilitaralles coñecer e contrastar as normas e os principios da familia, como o concepto de xustiza, de respecto, de tolerancia, etc. Ademais, poderán expresar as súas opinións acerca de cada un dos membros da familia, o que pensan das nosas accións ou o que cren que se debe cambiar.



Nota para educador/a

Sinalará a continuación o inicio dunha serie de actividades centradas na eficacia da comunicación, a comunicación de expectativas e a negociación de compromisos. Aclararalles aos/ás pais/nais que utilizamos o símil das bombas para facelo igual á dos mozos/as e facilitar así o intercambio de ideas.

→ Actividad 1. AS BOMBAS DE RELOXERÍA¹

Obxectivos:

- Responder de forma adecuada en distintas situacións.
- Comprender que dialogar leva tempo (que se di, como se di e cando se di).
- Saber o que estamos a facer mal é un logro tan importante como facelo ben.
- Analizar as queixas: expoñelas, escoitalas e responder.



Nota para educador/a

Ten dúas posibilidades:

1. Unha vez entregadas aos/ás asistentes «as bombas de relojería da comunicación», estes/as deben elixir as tres «bombas» que máis se parezan á súa maneira habitual de actuar.
2. Unha vez entregadas aos/ás asistentes «as bombas de relojería da comunicación», o/a educador/para selecciona tres ou catro e explica con exemplos as súas consecuencias. Por exemplo: AMEAZAR - RIDICULIZAR - CULPAR - SERMONAR.

¹ Actividade adaptada do traballo de Cava, M. J., e Musitu, G. (2002). *La convivencia en la escuela. El Programa Convivir*. Barcelona: Paidós.



AMEAZAR

«Como non
o fagas...»
ADVERTIR
AVISAR
PREVIR

XULGAR

«É intolerable...»
AVALIAR

INTERROGAR

«Por que?,
Como?»
EXAMINAR
INVESTIGAR

CULPAR

«Como non me
fas caso...»
ACUSAR
CONDENAR

INSULTAR

«É estúpido/a
e egoísta...»
MENOSPREZAR

DIRIXIR

«O que tes
que facer é...»
MANDAR
ORDENAR
CONTROLAR

RIDICULIZAR

«Que estupidez...»
BURLARSE
SEN SENTIDO

IRONIZAR

«Ti non dás
para máis...»
BURLA

SERMONAR

«Eu, no
teu lugar...»
RIFAR

CONSOLAR

«Xa se
che pasará...»
NEGAR O
PROBLEMA
TRANQUILIZAR

→ **Actividade 2. O QUE ESPERAMOS DE TI**

Obxectivo:

— Comunicar aos/ás nosos/as fillos/as a importancia que ten estudar.

Advertencia: Non se trata de receitas. Son orientacións sobre como falar dos estudos aos/ás nosos/as fillos/as. Cada familia farao segundo as súas necesidades e habilidades.

Moi importante: **1.** Saber o que non estamos a facer ben é tan importante como facer ben as cousas. **2.** Imos dar unha guía aos/ás nosos/as fillos/as para que nunca teñan problemas?



Primeira mensaxe: O PROPIO EXEMPLO, REALISMO ANTE TODO.



Nota para educador/a

En primeiro lugar, comenta unha serie de enunciados en torno á mensaxe principal. A continuación, desenvolve unha dinámica nos seguintes termos:

— Ábrese un debate con todo o grupo sobre as bombas que poden facer explotar estes enunciados (co mesmo material que entregamos para a **Actividade 1**).
Que bombas poden facer explotar a mensaxe?

— Pódese utilizar o encerado para comentar e explicar as razóns.


Os enunciados son temas de conversación que deben saír nalgún momento, aínda que haxa que forzalos.

Enunciado 1: Traballando duro, como o facemos nesta familia, obtéñense moitos beneficios (como todo o que temos na casa e o que podemos facer).

Enunciado 2: O teu traballo (ou o voso traballo) de momento é estudar. Isto é o primeiro, o demais sempre se fai despois. Por que?

- Todo o mundo ten que traballar.
- A lei obriga aos/ás pais/nais a que os/as seus/súas fillos/as reciban educación (non fai moito tempo que isto non era así).
- Os mellores traballos son para os/as que teñen máis e mellores estudos (comodidade, tranquilidade, satisfacción).
- Pero tamén é importante estudar ou traballar naquilo que vos gusta e esta elección poderédela facer se estades preparados/as. Tamén aquí pódense conseguir beneficios importantes.

Cales son as máis perigosas?



- «Os teus/túas pais/nais traballan en algo que non lles gusta e vailles ben». (Sempre hai cousas do traballo que nos gustan).
- «Hai persoas que non traballan e viven moi ben». (Seguro que non traballan ou é que teñen traballos cómodos?).
- «Para conseguir unha boa vida non fai falta traballar nin estudar». (Ponme un exemplo).



Segunda mensaxe: O QUE ESPERAMOS DE TI.



Nota para educador/a

Resalta a importancia que ten que os/as mozos/as saiban que aquelas persoas que inflúen sobre eles/as (pais/nais, avós/as, tíos/as, irmáns/ás, primos/as, adultos significativos, etc.) valóranos positivamente e resaltan as súas calidades en público, en privado e con eles/as presentes.



Nota para educador/a

O material que aparece a continuación está recollido na Guía para familias. O/a educador/a debe actuar e facer que os/as pais/nais visualicen as distintas recomendacións.

2.2. Como comunicamos aos/ás nosos/as fillos/as que valoramos as súas calidades?

- Debemos ser coidadosos cando comparemos aos/ás nosos/as fillos/as con outros/as mozos/as (amizades, irmáns/ás, etc.).
- Os tropezos ou fracasos coméntanse na privacidade da familia.
- O anterior vén dado pola importancia que ten aprender dos erros (corrixilos sen présas).
- Os hábitos de traballo e estudo, así como as crenzas positivas cara á escola, son tan importantes como as cualificacións (ás veces, estas adoitan ser enganosas).
- Non hai que baixar o listón: esixir menos porque consideramos que non «dá para máis» só ten sentido cando o cansazo ou unha enfermidade están presentes.
- Se non o solicitan ou din que non o necesitan, non é necesario axudarlles. Agora ben, cando o demandan hai que ser receptivos (mirarlles, atenderlles, deixar de facer o que se está facendo, se é posible, non criticar as súas ocorrencias, aínda que se lles diga que non se comparten, etc.).
- Debemos esixirlles tarefas que sexan posibles de realizar, non fáciles, senón posibles, evitando o fracaso seguro de antemán.
- O trato debe ser comprensivo e non compasivo.
- Os éxitos hai que celebralos sempre, en público e en privado.
- Cando nos preguntan, facer pausas antes de responder, para que non se interprete que non nos importan as súas inquietudes. Demostrar interese.



Nota para educador/a

Selecciona varias destas recomendacións, e escenifícaaas pedíndolles aos/ás asistentes que ratifiquen ou mostren o seu desacordo coas actuacións propostas.



Terceira mensaxe: TEÑO QUE FACER ALGO QUE NON ME APETECE.

Obxectivo: Dada a importancia que ten estudar (deberes e preparar exames) e axudar na casa aos/ás demais (habitación, cociña, etc.), trátase de analizar como temos que actuar para axudarlles a facer tarefas pouco apetecibles.

Ideas básicas: Non é raro, nin malo, nin negativo, que non nos apeteza facer algunhas cousas. Os/as adultos/as estamos afeitos a fantasear con premios imaxinarios para facelas, pero saben facelo os/as mozos/as?

Suxerencias de interese:

1. Podemos pensar en situacións nas que non me apetece estudar, facer os deberes, ordenar a habitación, etc.
2. É de supoñer, ou debería selo, que hai un compromiso previo para facelo.
3. Os/as adultos/as poñémonos de exemplo con tarefas que non nos apetecen: tamén somos humanos/as.
4. Pensemos, antes de actuar, se é razoable que nos digan «non me apetece» ou «agora non, fareino máis tarde».

2.3. Como podemos traballar este tema?

Falaremos dunha serie de estratexias que nos axudarán. Podemos escoller aquelas que nos parezan máis frecuentes, máis cómodas e máis fáciles de levar a cabo.

O primeiro: O COMPROMISO

Conseguir un compromiso valorando que o que é **IMPORTANTE E URXENTE FAISE** e o que é **IMPORTANTE PERO NON URXENTE, PÓDESE POSPOÑER**.

O segundo: COÑECER COMO ACTUAMOS



Nota para educador/a

- **Opción 1:** Pregunta aos/ás pais/nais sobre unha serie de actuacións e, coas respostas rexistradas (no encerado, por exemplo), establece un coloquio sobre a actuación máis adecuada.
- **Opción 2:** Entrégaselles un cuestionario con diversas preguntas e o/a educador/a selecciona as dúas ou tres máis sinaladas coa resposta «SI»

CUESTIONARIO DE ACTUACIONES FAMILIARES

→ Sinála, por favor, a resposta que se corresponde co que ti fas con frecuencia.

1. Cando lle asignades unha tarefa aos/ás vosos/as fillos/as teñen que cumprila pase o que pase?

SI NON

2. Cando vedes como fixeron as tarefas os/as vosos/as fillos/as escápansevos cousas como «anda deixa, prefiro facelo eu, que o fago antes e mellor»?

SI NON

3. Cando lle propoñemos unha tarefa aos/ás nosos/as fillos/as, explicámoslles claramente como deben facela e o que esperamos deles/as?

SI NON

4. Na vosa casa están repartidas claramente as responsabilidades de cada quen?

SI NON

5. Repetímoslles as ordes insistentemente cando non responden ou non fan unha tarefa?

SI NON

6. Controlámoslles cando fan as tarefas ou permitimos que as fagan cando queiran?

O PRIMEIRO O SEGUNDO

7. Animámoslles expresándolles que confiamos nas súas posibilidades e dicímoslles cousas como «sei que o farás ben»??

SI NON

8. Cando non vos gusta como fixeron as cousas dicídeslles cousas como «es un/ unha inútil», «non sabes facer nada» ou «non se che pode encargard nada»?

SI NON



O terceiro: COMO PODEMOS CONVENCERNOS?



Nota para educador/a

Seguindo coas respostas máis frecuentes que nos deron os/as pais/nais, comentámoslles que agora imos explicar unha serie de estratexias que poden poñer en práctica nas súas casas e que tamén aparecen incluídas na *Guía para familias*. Todas elas son útiles para cando os/as fillos/as teñan que realizar tarefas que non lles apetecen.

- Primeira.** Eliminar calquera distracción que afecte á tarefa.
- Segunda.** Destacar o valor da tarefa, aínda que as que son desagradables adoitan ter pouco valor. Traer ao presente os beneficios futuros de facer algo non apetecible (o presente é o «non apetecible»).
- Terceira.** Empezar canto antes, dar o primeiro paso. A «regra dos dous minutos» ensínanos que ao comezar unha tarefa sentimos a necesidade de acabala, ao noso cerebro non lle gusta deixar as cousas a medias.
- Cuarta.** O perfeccionismo, ás veces, parálizanos; pode ser produtivo terminar algo provisionalmente e logo melloralo.
- Quinta.** En ocasións podemos dividir as tarefas: agora un pouco e logo termínoa.
- Sexta.** Unir unha tarefa desagradable a unha agradable: comezan as fantasías.
- Sétima.** Podemos pensar en premios que nos damos a nós mesmos/as, ben axudados polos/as nosos/as pais/nais, ben sen a súa axuda. Outra fantasía. Facerse un agasallo razoable se consigues realizar a tarefa (facer algo agradable). Facer os deberes como un xogo.

SEGUNDA PARTE IMPLICACIÓN FAMILIAR

SESIÓN 3

A responsabilidade das familias ante o estudo dos/as seus/súas fillos/as

- 3.1. A familia na escola
- 3.2. Falamos da escola cos/coas nosos/as fillos/as?
- 3.3. Responsabilizámonos da súa aprendizaxe e do seu estudo
- 3.4. Importan os seus resultados académicos pero...
tamén os seus progresos

3.1. A familia na escola¹

A base da relación da familia coa escola debe ser o establecemento dunha comunicación fluída e adecuada, que redundará positivamente no desenvolvemento integral do/a alumno/a.

Xa tratamos na sesión anterior a importancia que ten a comunicación nos procesos educativos.

A familia cumpre cun papel relevante no proceso educativo dos seus/súas fillos/as, polo que a súa participación é un elemento clave que debe favorecerse dende o centro escolar, ao mesmo tempo que non debe descoidarse por parte dos pais e as nais. É dicir, a familia e a escola deben complementarse para que os seus efectos positivos na aprendizaxe e desenvolvemento dos/as nosos/as fillos/as sumen.

As investigacións mostran unha serie de beneficios da implicación familiar para os pais e as nais, como os seguintes:

- Sentido máis forte de apoio da escola e outros/as pais/nais.
- Maior conciencia do progreso do alumnado e unha resposta máis efectiva aos problemas.
- Aumento da confianza nun mesmo sobre como guiar/orientar aos/ás fillos/as na escola.
- Apreciación do traballo e das habilidades dos/as docentes.
- Maior sentimento de identidade coa escola.

A relación das familias coa escola implica diversos tipos de procesos de colaboración. O noso programa enfócase, de maneira prioritaria, aos que están relacionados coa vosa responsabilidade como pais e nais ante os resultados da aprendizaxe dos/as vosos/as fillos/as, nas actividades que podedes desenvolver no fogar para promover o seu crecemento social e académico, en controlar o seu progreso académico e ter razoables expectativas de éxito.

Nesta sesión trataremos de reflexionar sobre como é e como podemos mellorar a nosa relación coa escola e como perciben os/as nosos/as fillos/as esa interacción. Ademais, traballaremos estratexias ligadas coa vosa responsabilidade ante o estudo (como motivalos/as, como valorar os seus progresos e resultados, como supervisalos/as...).



Nota para educador/a

Coa finalidade de coñecer algúns aspectos vinculados coa relación familias-escola e a responsabilidade asumida polas familias respecto á aprendizaxe e ao rendemento académico dos seus fillos/as, aplicarase o cuestionario inicial, ben por escrito, ou facendo as preguntas oralmente ao conxunto de pais e nais.

¹ Sesión deseñada co apoio de: Angulo, M. a del C., e Fuentes, L. M. (2013). *Ayuda a tu hijo o hija en los estudios. Primaria*. Junta de Andalucía: Consejería de Educación, Cultura y Deporte; Casal, R. (2011). *Prevenir el fracaso escolar desde casa*. Barcelona: Graó; Santos Rego, M. A. (dir.) (2014). *Programa Eco-fa-se*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela; Servicio de Inspección Sevilla (2013). *Técnicas de Trabajo Intelectual*. Junta de Andalucía. Recuperado de: www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/41008398/helvia/sitio/upload/MANUAL_DE_TECNICAS_DE_TRABAJO_INTELLECTUAL_2832013.pdf

Imos comenzar facendo unhas preguntas sobre accións ligadas á vosa relación coa escola, á vosa responsabilidade ante o estudo e ante os resultados académicos dos/as vosos/as fillos/as.

CUESTIONARIO INICIAL		SÍ	NON
1.	Coñeces ao profesorado do/a teu/túa fillo/a?		
2.	Mantés contacto frecuente co/coa titor/a?		
3.	Adoitas demandar ti o contacto?		
4.	Nunha entrevista co/coa titor/a, a túa actitude adoita ser de colaboración?		
5.	Cres que o/a teu/túa fillo/a estuda porque llo mandan os/as pais/nais ou/e os/as profesores/as?		
6.	Cres que ao/á teu/túa fillo/a gústalle estudar?		
7.	Xustificas ao/á teu/túa fillo/a cando esquece algunha tarefa que tería que realizar?		
8.	Sobreprotexes ao/á teu/túa fillo/a facendo ti as súas tarefas nalgunha ocasión?		
9.	Pensas que o éxito académico é só o resultado final (aprobar ou sacar boas notas)?		
10.	Valoras o seu esforzo e os seus avances?		



Nota para educador/a

Despois da realización do cuestionario, comentaranse que sobre esas cuestións reflexionárase e traballárase sobre eses aspectos nesta terceira sesión.

3.2. Falamos da escola cos/coas nosos/as fillos/as?

→ Actividade 1. QUE PASA NO COLEXIO?

Obxectivos:

- Reflexionar sobre o nivel de coñecemento que temos do que sucede no colexio, en xeral, e do que fan e aprenden os/as nosos/as fillos/as, en particular.
- Comprender a importancia de mostrar unha actitude positiva cara á escola, o profesorado e as tarefas para casa.



Primeira mensaxe: MOSTREMOS INTERESE POLO COLEXIO E POLAS ACTIVIDADES ESCOLARES DOS/AS NOSOS/AS FILLOS/AS!

De que temas escolares falamos cos/coas nosos/as fillos/as?	Como?	En que momentos?
Profesores/as		
Titorías e reunións		
Actividades		
Avaliación e notas		
Compañeiros/as		
Outros		



Nota para educador/a

Unha vez realizada a **Actividade 1**, reflexionar sobre o tipo de aspectos (positivos ou negativos) nos que nos centramos cando falamos da escola cos/coas nosos/as fillos/as e que percepción poden ter estes/as da escola en función do que falamos, como e cando o facemos.

Ao falar con eles/as das actividades escolares estamos dedicándolles parte do noso tempo, mostramos interese polo que fan e o que lles pasa, o que axudará a motivalos/as no seu estudo e aprendizaxe.

3.3. Responsabilizámonos da súa aprendizaxe e do seu estudo

Desde a casa debemos potenciar a súa autonomía, a súa responsabilidade e a confianza en si mesmos/as de forma progresiva, deixándolles claro que eles/as son os/as responsables de estudar, de realizar as tarefas escolares ou de preparar os seus exames.

Teñen que aprender a tentar solucionar os problemas que se lles presenten cando están a estudar, a tomar decisións sobre as tarefas que deben realizar e a asumir as consecuencias (positivas ou negativas) desas decisións.

Aínda que debemos estar dispostos/as a axudarlles, se o precisan; que perciban que poden contar connosco. Como podemos mostrarlles esa disposición? Interesándonos por como lles vai no colexio, polo que aprenden, polas súas dificultades ou polas tarefas escolares, entre outros aspectos, de maneira constante e non só naqueles momentos en que non lles vaia ben; orientándoos para mellorar as condicións de estudo, o seu rendemento académico...

Escoitalos/as é unha estratexia que implica, ademais de prestarlles atención e de preocuparnos polo que fan no colexio e na casa, reforzar a súa motivación cara á aprendizaxe e fomentar o desenvolvemento de confianza nas súas capacidades.

→ **Actividade 2. COMO NOS RESPONSABILIZAMOS DA APRENDIZAXE E O ESTUDO DOS/AS NOSOS FILLOS/AS?**

Obxectivos:

- Aprender a identificar posibles problemas en situacións de estudo no fogar.
- Responsabilizarse de introducir cambios ou tomar decisións respecto ao estudo e á aprendizaxe dos/as nosos/as fillos/as que melloren estes procesos.



Segunda mensaxe: TEMOS UNHA RESPONSABILIDADE ANTE A APRENDIZAXE E O ESTUDO DOS/AS NOSOS/AS FILLOS/AS.

Ás cinco da tarde na casa de Luís a súa nai pregúntalle: «Luís, cando vas facer os deberes?». Luís está no salón vendo unha das súas series favoritas e contesta: «Mamá, fareinos cando acabe a serie». Ao pasar o tempo, a súa nai vaise poñendo nerviosa, xa que dentro de dúas horas terán que saír para unha actividade extraescolar. Pasaron quince minutos, todo segue igual. Luís non apaga a tele, a súa nai empeza a enfadarse, e...

- a) Ponse a gritar, apaga a tele de forma brusca, colle a Luís polo brazo para que vaia á súa habitación.
- b) Mentres Luís continúa vendo a tele, a súa nai vai á habitación, colle a mochila do cole, saca os libros e revisa os deberes que ten para hoxe.
- c) A nai de Luís, enfadada, chama ao seu pai e coméntalle que o neno non lle fai caso, que cando volva terá que poñerse a facer os deberes con el.
- d) A nai de Luís ponse diante da tele e comeza a dicirlle que faga os deberes, que é polo seu ben, que é o que toca agora e que de non facelo espéralle un futuro moi negro, que debe esforzarse, e comeza a sermónar a Luís sobre a importancia do estudo.

Das posibles respostas, con cal te identificas máis?, por que?, que aspectos cres que se poderían mellorar na relación de Luís e a súa nai para que non xurdan conflitos á hora de facer as tarefas escolares?



Nota para educador/a

Posta en común das respostas dadas á **Actividade 2**. Primeiro, analizaremos como perciben eles/as que actúan nunha situación semellante á presentada e se consideran que a súa actuación é adecuada ou non. Nun segundo momento revisaremos as posibles propostas de mellora, reflexionando sobre as posibilidades reais de levalas á práctica nos seus fogares.

O/a educador/a deberá incidir en que:

- Hai que traballar cos/coas nenos/as progresivamente a súa responsabilidade na tarefa.
- Propoñer as tarefas cun nivel de dificultade adecuado para que poidan realízalas.
- Axudarlles a afrontar o fracaso.

3.4. Importan os seus resultados académicos pero... tamén os seus progresos

A importancia dos resultados académicos que os/as nenos/as consigan non se pode obviar na escola nin na casa, pero non debemos centrar o proceso de aprendizaxe unicamente nas notas finais, senón que é fundamental valorar tamén os progresos conseguidos.

Se só falamos cos/coas nosos/as fillos/as de como lles vai na escola nos momentos en que nos traen as notas, damos a entender que priorizamos os resultados sobre o proceso e os esforzos realizados para aprender.

Debemos reflexionar conxuntamente sobre os procesos e resultados, falar con eles/as antes, durante e despois de calquera actividade de aprendizaxe, o que axudará a reforzalos/as.

→ **Actividade 3. QUE VALOR LLE DAMOS AO ESTUDO DOS/AS NOSOS/AS FILLOS/AS?**

Obxectivos:

- Reflexionar sobre que lles pode motivar a estudar e a aprender.
- Analizar que peso lle damos aos resultados académicos e aos esforzos para obtelos que fan os/as nosos/as fillos/as.



Terceira mensaxe: VALOREMOS OS SEUS RESULTADOS POSITIVOS, PERO TAMÉN OS SEUS ESFORZOS E PROGRESOS!

Presentámosvos un caso co que pretendemos traballar **a motivación para o estudo e a valoración de progresos e resultados**. Para iso pedímosvos:

- Identificar o problema.
- Delimitar cando deixou de motivarse.
- Propoñer estratexias para solucionar o problema.

O/A noso/a fillo/a cursa 6.º de educación primaria e no primeiro trimestre suspendeu varias materias. Sorprendéronnos estes resultados porque, aínda que sempre foi «un/unha neno/a frouxo/a», ata o de agora aprobaba e sempre lle premiabamos con algo que lle gustase. Custábanos moito que se puxese a estudar e deixábo todo para o último día, tiñamos que estar moito encima del/ela, ao contrario do que sucede co/coa seu/súa irmán/á maior... Di que non lle gusta estudar, que se aburre e que non lle interesa. Este curso o/a obrigamos a que se meta na súa habitación para estudar, pensamos que está a estudar, pero pode estar a oír música, xogando á videoconsola... Cando lle preguntamos por que non estuda, coméntanos que non ten ganas e que xa o fará.



Nota para educador/a

A partir da lectura do caso, traballar por grupos:



- Tipos de motivación que empregan os/ as pais/nais e o seu grao de adecuación.
- Reflexión sobre a valoración que mostran os/as pais/nais cara aos resultados académicos e cara aos esforzos do/da fillo/a.
- Cambios que propoñerían na actuación dos/as pais/nais.

Incidirá nas actividades que os/as pais/nais poden realizar para valorar os logros na aprendizaxe dos/as seus/súas fillos/as como, por exemplo, axudarlles a aplicar os coñecementos adquiridos en situacións da vida cotiá (facer a compra, planificar unha viaxe, cociñar unha receita...) diferentes ao contexto escolar; orientar a súa motivación cara ás TIC no seu tempo de lecer ao tempo de estudo.

Reforzar os seus logros, especialmente o seu esforzo e dedicación, aínda que non conseguiran os obxectivos aos que aspiraban, servirá para que teñan confianza en si mesmos/as. As críticas tamén poden ser necesarias e, neses casos, sempre facédeas con carácter construtivo e concretando que aspectos poden mellorar; ou axudándolles na análise das causas. Se debemos reprendelo/a farémolo de maneira que o enfoquemos cara a aquilo que fixo mal. E falar seriamente e con firmeza, pero con calma e tranquilidade.

A MODO DE CONCLUSIÓN

RESPONSABILICÉMONOS DA APRENDIZAXE, O ESTUDO E OS RESULTADOS ACADÉMICOS DOS/AS NOSOS/AS FILLOS/AS

 QUE PODEMOS FACER?	 QUE NON DEBEMOS FACER?
Mostrarlles unha actitude positiva cara ao colexio, o profesorado e as tarefas para casa. Manter un contacto persoal co/coa titor/a.	Falar mal do colexio, do profesorado ou das tarefas para casa.
Fomentar a súa responsabilidade e autonomía.	Facer os deberes por eles/as (sobreprotección). Atafegalos/as cos deberes, preguntándolles constantemente se os realizaron.
Supervisar o seu estudo e xerar un bo clima de colaboración.	Presionarlles demasiado, sen respectar os seus ritmos de aprendizaxe.
Proporcionarlles un ambiente onde a aprendizaxe sexa un valor, creando situacións nas que poidan aplicar os coñecementos aprendidos e ofrecéndolles estímulos por explorar. Desenvolver e reforzar o afán de aprender cousas novas e a curiosidade natural. Potenciar a súa motivación á lectura.	Pensar que os estudos é o único importante na vida dos/as nosos/as fillos/as. Non respectar o seu tempo libre e de lecer.
Atopar maneiras de motivalos/as cara ao estudo e a aprendizaxe. Reforzar os seus logros e, especialmente, os esforzos que realizan.	Reforzar os seus logros unicamente con premios materiais. Compararlles continuamente con irmans/ás, curmáns/ás, amigos/as... Unicamente criticarlles aquilo que fan mal, sen ter en conta nin reforzarlles o positivo.

SEGUNDA PARTE IMPLICACIÓN FAMILIAR

SESIÓN 4 O traballo escolar no fogar

- 4.1. A implicación familiar
no desenvolvemento do traballo escolar no fogar
- 4.2. Factores persoais condicionantes do traballo escolar e do
estudo
- 4.3. A planificación e organización das tarefas escolares e de
estudo
- 4.4. Técnicas básicas de estudo

4.1. A implicación familiar no desenvolvemento do traballo escolar no fogar¹

Na sesión anterior abordouse a importancia da comunicación das familias coa escola, desempeñando estas un papel relevante no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as. Por iso, imos retomar na presente sesión, a importancia da participación familiar na escola, sen obviar o papel que pode desempeñar en relación ao traballo escolar no fogar.



Nota para educador/a

Debe facer un recordatorio do abordado na sesión anterior co propósito de dar continuidade ás sesións.

Concretamente, imos traballar para:

- Fomentar a implicación das familias na educación dos/as fillos/as de cara a favorecer a realización das Tarefas Para Casa (TPC).
- Propiciar que as familias posibiliten no fogar (cos medios dispoñibles) as condicións necesarias para xerar hábitos que axuden aos/ás fillos/as a asumir e seguir con responsabilidade as TPC e o estudo.
- Facilitar aos/ás pais/nais nocións básicas sobre como axudar aos/á seus/súas fillos/as nas TPC e de estudo mediante a utilización de técnicas básicas e o uso das TIC.

A implicación das familias no desenvolvemento do traballo escolar no fogar presenta consecuencias positivas no alumnado de Educación Primaria no que respecta á mellora do seu rendemento académico.

O tipo de implicación máis efectiva céntrase tanto na importancia de establecer normas sobre cando e onde realizar as tarefas, o que implica un incremento do hábito dos/as seus/súas fillos/as para o traballo e o estudo, como en axudalos/as para a correcta utilización de diferentes técnicas de estudo.

¹ Sesión deseñada co apoio de Álvarez González, M., e Fernández Valentín, R. (2002). *CHTE. Cuestionario de hábitos y técnicas de estudio*. Madrid: TEA Ediciones; Angulo, M.^a del C. e Fuentes, L. M. (2013). *Ayuda a tu hijo o hija en los estudios. Primaria*. Junta de Andalucía: Consejería de Educación, Cultura y Deporte; Casal, R. (2011). *Prevenir el fracaso escolar desde casa*. Barcelona: Graó; Gómez, P., García, A., y Alonso, P. (1991). *TTI. Procedimientos para aprender a aprender. Programa de Técnicas de Trabajo Intelectual*. Madrid. EOS; Pozar, F. F. (2002). *IHE. Inventario de hábitos de estudio*. Madrid: TEA Ediciones; Santos Rego, M. A. (dir.) (2014). *Programa Eco-fa-se*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

O método de estudo é o mellor camiño para chegar á aprendizaxe e ao éxito académico, debendo valerse de técnicas específicas que han de ser adquiridas antes que o propio hábito de estudo, que se define como o costume de estudar con certa frecuencia, establecendo e dedicando sistematicamente determinadas horas ao día ao longo da semana. Non obstante, iso tamén require da propia motivación e interese do alumnado por aprender, adquiríndose xa no seo familiar, de aí a importancia da implicación familiar para que os/as seus/súas fillos/as cultiven a motivación e interese polo saber, ademais de contribuír á adquisición e posta en práctica daquelas técnicas que favorecen a aprendizaxe autónoma, ao tempo que axuden a sacar o máximo proveito ao estudo.



Nota para educador/a

Formulará un interrogante inicial, que servirá para realizar unha reflexión inicial e dar paso á primeira actividade da sesión.

O interrogante inicial é o seguinte: **Como estuda o/a teu/túa fillo/a e como lle podes axudar?**

→ Dinámica 1. COMO ESTUDA O/A TEU/TÚA FILLO/A E COMO LLE PODES AXUDAR?

Obxectivo:

→ Axudar a identificar diferentes aspectos que poden influír nas tarefas escolares e nos hábitos de estudo dos/as vosos/as fillos/as.



Primeira mensaxe: DE NÓS DEPENDE O ESTUDO DOS/AS NOSOS/AS FILLOS/AS!



Nota para educador/a

Unha vez entregado o cuestionario, menciona os diferentes aspectos influentes nas tarefas escolares e nos hábitos de estudo (factores persoais, condicións ambientais, planificación e organización, así como a utilización de técnicas de estudo). A continuación, preséntase o cuestionario, a súa estrutura, as instrucións de cumprimentación e as normas de corrección e valoración de resultados.



CUESTIONARIO SOBRE ASPECTOS INFLUENTES NAS TAREFAS ESCOLARES E NOS HÁBITOS DE ESTUDO

	A) FACTORES PERSOAIS	Sempre	Ás veces	Case nunca
1.	Na casa procuro que pola noite durma as horas necesarias.			
2.	Trato de que manteña uns bos hábitos alimenticios.			
3.	Velo porque non adquira hábitos non saudables.			
4.	Facilítolle e ánimoille a realizar algún deporte ou exercicio físico.			
5.	Evito saturarlle de tarefas extraescolares, ofrecendo tempos de descanso e para relaxarse.			
6.	Anímolle, aínda que o seu rendemento académico non sexa o esperado.			
7.	Procuro evitar que certas situacións familiares poidan xerarlle ansiedade.			
8.	Preocúpome polo seu día a día no colexio e pola súa relación cos/coas compañeiros/as e co profesorado.			
9.	Trato de coñecer o seu estado de ánimo.			
10.	Incentívolle para que teña interese por aprender e asuma as súas responsabilidades con respecto ao estudo e ás tarefas escolares.			
	N.º de respostas			
	Total			

	B) CONDICIÓN AMBIENTAIS	Sempre	Ás veces	Case nunca
1.	Facílitolle un lugar para facer as tarefas escolares.			
2.	Ten mobiliario específico para estudar e facer os deberes.			
3.	O lugar de estudo está limpo e ordenado.			
4.	A iluminación do lugar de estudo é adecuada.			
5.	Estuda e fai os deberes cunha ventilación e temperatura adecuadas.			
6.	Fai os deberes e estuda sempre no mesmo lugar.			
7.	Utiliza o lugar de estudo sobre todo para ditas tarefas.			
8.	Mantén unha postura adecuada ao estudar e facer as tarefas.			
9.	Estuda sen ruídos ou distraccións.			
10.	Ten a man os materiais necesarios para facer os deberes e estudar.			
	N.º de respostas			
	Total			

	C) PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN	Sempre	Ás veces	Case nunca
1.	Establece un horario de estudo.			
2.	O horario inclúe tempos e días de descanso.			
3.	Cumpre co horario establecido.			
4.	Estuda todos os días.			
5.	Ten á man e ordenado todo o que necesita.			



	C) PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN	Sempre	Ás veces	Case nunca
6.	Apunta o que ten que facer cada día.			
7.	Termina a tempo todas as tarefas escolares que lle mandan para a casa.			
8.	Organiza os cadernos, os apuntes, etc.			
9.	Dedica un tempo específico a cada materia.			
10.	Estuda para os exames sen esperar ao último día.			
	N.º de respostas			
	Total			

	D) UTILIZACIÓN DE TÉCNICAS DE ESTUDO	Sempre	Ás veces	Case nunca
1.	Ao empezar a estudar, fai unha lectura rápida.			
2.	Volve a ler se non comprendeu algo, sinala o que non entende...			
3.	Se o necesita busca no dicionario, libros, internet...			
4.	Encontra e anota as ideas principais.			
5.	Subliña o máis importante.			
6.	Fai resumos.			
7.	Fai esquemas.			
8.	Utiliza técnicas para memorizar.			
9.	Repasa os temas despois de aprendidos.			
10.	Utiliza dunha forma óptima as tecnoloxías para estudar e facer os deberes.			
	N.º de respostas			
	Total			

Como se corrixe?

Contabiliza as veces que marcastes Sempre, Ás veces e Case nunca en cada un dos apartados do cuestionario.

→ Puntuación: Sempre = 2 puntos; Ás veces = 1 punto; Case nunca = 0 puntos.

→ Suma todos os puntos e indica a puntuación obtida en cada apartado no recadro Total.

Valoración dos resultados

Para cada un dos apartados, Factores Persoais, Condicións Ambientais, Planificación, Organización e Utilización de Técnicas de Estudo, podemos establecer o seguinte criterio de valoración:

→ Puntuación entre 15 e 20 puntos - BOA / ADECUADA.

→ Puntuación entre 8 e 14 puntos - REGULAR / MELLORABLE.

→ Puntuación entre 0 e 7 puntos - MALA / INADECUADA.



Nota para educador/a

Unha vez cumprimentado o cuestionario por todos/as, o/a educador/a fará especial fincapé na importancia que a realización dos deberes e o estudo teñen no éxito escolar co propósito de mostrar o que os/as pais/nais poden facer, actuando sempre cunha actitude positiva, para que os/as seus/súas fillos/as afronten os estudos nas mellores condicións posibles, podendo dar, deste modo, o mellor deles/as.

Seguidamente, o/a educador/a destacará tamén a influencia que a familia pode ter na motivación de cara á realización das tarefas e o estudo. A medida que se vaian presentando os resultados obtidos en cada un dos bloques do cuestionario, o/a educador/a promoverá a reflexión sobre a influencia que poden exercer certos factores persoais e condicións ambientais.

4.2. Factores persoais condicionantes do traballo escolar e do estudo

→ Dinámica 2. QUE FACTORES CONDICIONAN O TRABALLO ESCOLAR E O ESTUDO?

Obxectivo:

→ Axudar a identificar os factores facilitadores da concentración e favorecedores do rendemento dos/as fillos/as na realización dos deberes e/ou o estudo.



Segunda mensaxe: AS CONDICIÓNS DE ESTUDO SON IMPORTANTES. REVÍSAAS!



Nota para educador/a

Tomando como punto de partida as ideas xurdidas logo de cumprimentar e reflexionar sobre os aspectos abordados no cuestionario, o/a educador/a resaltará os principais factores persoais e ambientais que poden influír na concentración e o rendemento dos/as escolares na realización dos deberes ou o estudo.


A) Factores persoais:

- **De carácter físico:** durmir e descansar o suficiente; manter unha boa alimentación; realizar exercicio físico; practicar a relaxación e previr contra a adquisición de hábitos non saudables.
- **De carácter psíquico:** estado de ánimo, o cal pode verse afectado de forma directa e indirecta; recoñecemento da presenza de problemas persoais nos/as fillos/as; motivación para a realización de tarefas escolares e o estudo.

B) Factores ambientais: realización dos deberes e estudo no mesmo lugar; dispoñibilidade de mobiliario específico; iluminación adecuada; temperatura idónea e boa ventilación; lugar de estudo limpo e ordenado; postura adecuada; sen ruidos nin distraccións e materiais necesarios para o estudo.

C) Planificación e organización das tarefas escolares e de estudo: establecemento de tempos para o estudo e a realización de tarefas; organización de horarios para o estudo e o descanso; cumprimentación e seguimento da axenda escolar; cumprimento dos horarios; estudo diario e das diferentes materias; preparación anticipada dos exames e tarefas a realizar, así como dispoñibilidade dos medios e recursos necesarios.

→ Tarefa 1: OS FACTORES PERSOAIS E AMBIENTAIS CONTAN...



A) PAPÁ, MAMÁ, XA NON PODO MÁIS! NECESITO UN RESPIRO!

En ocasións, a vida dos/as escolares termina sendo similar á dos/as adultos/as. Xornadas interminables nas que mil e unha tarefas diarias se acumulan. Resulta interesante que fagan un pouco de todo, partindo dos seus intereses e compatibilizándoo coas súas obrigas escolares, porque será bo para o seu futuro. Pero é posible que o **estrés** estea asentándose na vida dos/as nenos/as dunha forma prematura, afectando ao seu rendemento en xeral e ao académico en particular.

- Ése consciente da presión á que se poden ver sometidos/as os/as fillos/as?
- A situación presentada na ilustración aseméllase ao que sucede co voso fillo ou filla?
- De ser o caso, que se podería facer para reconducir a situación?

¡OBSERVAR e recoñecer posibles signos de alerta!

Signos de alerta: cansazo, esgotamento, abafado, ansiedade, desmotivación, mal humor, discusións cos/coas pais/nais, actitude negativa á hora de facer as cousas, incluso aquelas que lles gustaban, etc.

- É importante COMUNICARSE cos/coas fillos/as!
- POÑERSE NO SEU LUGAR, recoñecer, comprender a situación!
- NUNCA PRESIONAR, dar prioridade, negociar, animar!

B) QUE CHE OCORRE?

FACTORES PERSOAIS: O ESTADO DE ÁNIMO DO/A NOSO/A FILLO/A

Preocuparse por coñecer o seu **estado de ánimo** é importante para anticiparse a posibles problemas que poidan afectar á súa motivación, concentración, etc., ao estudar ou ao realizar os deberes.




- Viches algunha vez ao voso/a fillo/a nunha situación similar á da ilustración?
- Será que lle pasa algo na escola, cos/coas amigos/as ou cos/coas profesores/as?
- Hai algo na casa que lle poida estar afectando?
- Que se podería facer desde a casa?

OBSERVAR e recoñecer posibles signos de alerta!

Signos de alerta: apatía, tristeza, fala pouco, non sae da súa habitación, quédase ensimesmado/a coas TIC..., malos resultados nos exames, queixas dos/as mestres/as porque non fai os deberes, etc.

- A COMUNICACIÓN cos/coas fillos/as e cos/coas profesores/as é importante!



C) TES O CUARTO FEITO UN DESASTRE!

Con frecuencia, e no mellor dos casos, o **lugar de estudo** dos/as escolares na casa adoita ser a súa habitación ou outro cuarto habilitado para elo. As condicións nas que se encontre esta contorna poden influír no seu rendemento.

- Poderíades comentar algúns erros que se presentan nesta ilustración e que poderían dificultar a concentración e atención dos/as fillos/as á hora de estudar ou facer os deberes?
- Aseméllase este lugar de estudo ao dispoñible para os/as vosos/as fillos/as no fogar? Si/Non? Que trataríades de mellorar no voso caso?
- Que outras circunstancias negativas que non aparecen na ilustración se dan na vosa casa (mala iluminación, ruídos, música...)? Como habería que actuar para evitalas?

OBSERVAR e recoñecer posibles signos de alerta!

Signos de alerta: desorde xeneralizada, ruídos externos, elementos distractores (adornos da habitación, xoguetes, vídeo consola, TV, música non adecuada, etc.), espazo pouco ventilado, iluminación insuficiente, estudar encima da cama, no chan...

— FACILITARLLES, na medida do posible, unhas condicións ambientais favorables para estudar e facer os deberes!

— Establecer cos/coas fillos/as PAUTAS relacionadas coa orde e organización do lugar de estudo, xa que é a súa OFICINA DE TRABALLO!

4.3. A planificación e organización das tarefas escolares e de estudo

→ Tarefa 2: PLANIFICANDO OS TEMPOS...



Nota para educador/a

Tras a realización da primeira parte da dinámica, o/a educador/a expón a seguinte actividade, a través da cal as familias intentarán realizar unha planificación e organización de horarios das diferentes tarefas a realizar diariamente polos seus fillos e fillas. É por iso que se presenta a seguinte ficha de traballo co propósito de ser cumprimentada polos pais e nais para, con posterioridade, ser comentada e favorecer a reflexión. A finalidade última é que os/as pais/nais confeccionen un horario e reflexionen sobre os tempos dedicados polos/as seus/súas fillos/as ás diferentes tarefas. Algúns dos interrogantes que poden ser formulados polo/a educador/a son os seguintes:

- Que tempo dedican os/as vosos/as fillos/as á realización das diferentes tarefas?
- Con que tempo contan os/as vosos/as fillos/as para levar a cabo actividades de ocio?
 - Considerades adecuado o tempo invertido polos/as vosos/as fillos/as para a realización das tarefas escolares e o estudo?
- Considerades adecuado o tempo que compartides con eles/as na realización de tarefas?
- É equilibrada a distribución horaria realizada para cada tipo de tarefas?
- Considerades que dita distribución é adecuada ou pola contra require algunha modificación?

Algúns tipos de actividades a considerar para a organización e planificación dos tempos:





PLANIFICANDO OS TEMPOS...

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
00.00-06.00							
07.00							
08.00							
09.00							
10.00							
11.00							
12.00							
13.00							
14.00							
15.00							
16.00							
17.00							
18.00							
19.00							
20.00							
21.00							
22.00							
23.00							
24.00							

4.4. Técnicas básicas de estudo

→ Dinámica 3. QUE TÉCNICAS E RECURSOS PODEMOS EMPREGAR PARA AXUDAR NO ESTUDO E O TRABALLO ESCOLAR DOS/AS NOSOS/AS FILLOS/AS?

Obxectivo:

- Dar a coñecer técnicas básicas de estudo e recursos tecnolóxicos co propósito de orientar aos/ás fillos/as no manexo das mesmas.



Terceira mensaxe: DEBES INTERESARTE POLO QUE FAN E COMO O FAN!



Nota para educador/a

Destacará a idea de que estudar non é o mesmo que facer os deberes, aínda que ambas actividades poidan ter puntos en común, polo que aclarará o concepto de estudar (proceso amplo que permite interconectar o que hai que aprender co que xa se sabe, polo que implica asimilar conceptos, comprender, interiorizar, investigar sobre certos contidos ou procesos,...), recalcando que o estudo non debe asociarse unicamente aos exames, senón como parte do plan de traballo de calquera estudante.

En consecuencia, o/a educador/a insiste en que o estudo é un proceso que require tempo, unha actitude activa, a consideración de factores persoais, a dispoñibilidade de adecuados factores ambientais, así como determinadas técnicas e recursos de estudo.



Nota para educador/a

Tomando como punto de partida a totalidade de ideas abordadas durante a sesión, o/a educador/a resaltarán aquelas técnicas de estudo e recursos TIC propicios para a etapa de educación primaria, dando a coñecer uns pasos sinxelos para que estas sexan incorporadas polos/as escolares de modo progresivo.

A) Técnicas básicas de estudo:

- Lectura Básica
- Técnica EPL2R
- Subliñado
- Esquema
- Resumo
- Memorización

B) Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC):

- Internet
- Dispositivos móbiles
- Contornas virtuais de ensinanza-aprendizaxe
- Portais educativos

AXUDANDO AOS/ÁS NOSOS/AS FILLOS/AS A UTILIZAR AS TÉCNICAS DE ESTUDO

Algúns hábitos e técnicas de estudo non só se adquiren na escola, senón que tamén se reforzan na casa. Os/as pais/nais deben favorecer e apoiar a adquisición de aspectos como:



— Lectura básica: eu leo, ti les, el le

Se os/as pais/nais tamén len na casa, poden reforzar o gusto e motivación pola lectura, o que, ademais de ampliar a súa cultura, axudará a mellorar a lectura e comprensión de textos á hora de estudar e facer os deberes (lectura global, lectura en profundidade, lectura rápida para repaso...).



— Subliñar: resaltando o máis importante

Non todo vale. Sempre hai cousas máis importantes a identificar ou a destacar. A mellor forma de facelo é subliñando ou marcando. Compróbese que aprenden a distinguir o gran entre a palla.



— Facendo esquemas: captando e relacionando ideas clave

Esquematizar un texto lido resulta unha boa forma de comprender o seu significado e permite retelo. Ademais, dun golpe de vista pódense repasar as ideas clave e a súa relación. Debe animarse ao/á escolar no seu uso para que o vexa como algo útil á vez que entretido. É como debuxar!



— Resumir: quedarse coa esencia

Sempre útil cando o fagan coas súas propias palabras. Poden apoiarse nas técnicas anteriores e facilita comprender e memorizar o aprendido. Como axuda, podemos comprobar que non se limiten a copiar partes do texto, etc.



— Memorizar, que non «chapar»

Sempre despois de comprender o lido. As técnicas anteriores poden axudar: lectura rápida-lectura detida-subliñar-esquematizar-resumir-repasar. Debe evitarse que repitan como papagaios. Facerlles preguntas orais sobre o lido ou o estudado resulta de utilidade para ver se van polo bo camiño.

Cousas que os/as pais/nais poden facer:

- OBSERVAR o que fan e como o fan.
- PREGUNTAR sobre o que len, sobre como estudan, sobre o que estudan...
- COMPROBAR que o fan correctamente e PRESTAR AXUDA cando o pidan, pero NON FACELO POR ELES/AS.
- ORIENTARLLES no uso das TIC para aprender.

Algunhas webs educativas de interese

Supersaber.com. www.supersaber.com.

Xogos de matemáticas, lingua, ciencias naturais, etc.

Educalandia.net. www.educalandia.net

Xogos e axuda á aprendizaxe.

Learning Games for Kids. www.learninggamesforkids.com

Xogos educativos en inglés.

Educaguía. www.educaguia.com

Múltiples recursos educativos.

Aprendiendo Matemáticas. <https://aprendiendomatematicas.com/blog>

Actividades e xogos sobre matemáticas para distintas idades.

Claseshistoria.com. www.claseshistoria.com

Revista dixital de Historia e Ciencias Sociais

Cuentos Infantiles A dormir.com. www.cuentosinfantilesadormir.com

Contos clásicos, fábulas, etc.

A modo de conclusión...

A implicación familiar no desenvolvemento do traballo escolar realizado na casa inflúe positivamente no alumnado, na súa motivación e interese e, en consecuencia, na mellora do seu rendemento académico.

A toma en consideración de factores persoais e ambientais e o establecemento de normas sobre cando e onde realizar as tarefas implica un incremento do hábito dos/as seus/súas fillos/as para o traballo e o estudo.

O uso de técnicas específicas de estudo e o emprego de certos recursos (por exemplo as TIC) favorecen unha aprendizaxe autónoma.

IMPLICACIÓN FAMILIAR E RENDEMENTO ACADÉMICO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A EFECTIVIDADE DUN PROGRAMA PARA PAIS E NAIS

ALUMNADO

PRIMEIRA PARTE
COMUNICACIÓN E FAMILIA

SESIÓN 1

Os inicios da adolescencia

1.1. Os cambios na adolescencia

1.1. Os cambios na adolescencia



Nota para educador/a

Na sesión de hoxe falaremos sobre os cambios máis importantes polos que teredes que pasar nesta etapa vital na que vos atopades.

Comentaremos como nos vemos, como pensamos que nos ven os/as nosos/as compañeiros/as e amigos/as, falaremos das nosas virtudes e defectos, das persoas ás que acudimos para falar de todas estas cuestións que nos preocupan ou inquietan...

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA (que faremos nas diferentes sesións, por que estamos aquí).



Nota para educador/a

Realizaremos unha actividade moi sinxela para romper o xeo e ver se nos coñecemos.

→ Actividade 1. PRESENTACIÓN DOS/AS ALUMNOS/AS (rolda de nomes e hobbies + DINÁMICA GRUPAL (a manta, o nó...))

DINÁMICA DA MANTA

Obxectivos:

- Romper o xeo no grupo.
- Crear confianza no grupo.

Materiais:

- Manta ou tea grande.

Desenvolvemento:

Partindo de que o grupo co que traballaremos xa se coñece por ser alumnos/as da mesma clase, non é necesario realizar dinámicas de presentación na que expoñan unicamente os seus nomes. A dinámica da manta ten como obxectivo que nos familiaricemos co nome dos/as alumnos/as e que estes/as adquiren, progresivamente, confianza para participar nas sesións.

Concretamente, divídese o grupo en dous equipos que participarán simultaneamente. En función do tempo e do número, 1 ou 2 alumnos/as situaranse detrás da manta evitando ser vistos/as polos seus compañeiros/as. O/o educador/a e un/unha axudante estarán a suxeitar a manta e, no momento no que a solten, os/as alumnos/as, independentemente do equipo ao que pertenzan, deberán dicir o nome da persoa que se escondía. Aquel ou aquela que máis tarde en dicir o nome (ou que non o diga), cambiará de equipo. A fin de que todos/as os/as alumnos/as participen, levaranse a cabo as roldas necesarias.

DINÁMICA DO NÓ

Obxectivos:

- Romper o xeo no grupo.
- Crear confianza no grupo.

Materiais:

- Ningún.

Desenvolvemento:

Inicialmente, os/as alumnos/as deben situarse nun círculo ocupando unha superficie inferior a un metro e medio. Unha vez se colocaron formando un pequeno grupo, indicaráselles que pechen os ollos e se collan das mans dos/as compañeiros/as máis próximos/as, guiándoos/as para formar un nó.

Despois comezarán a desenredarse sen soltarse das mans. O xogo concluírá no momento en que o alumnado forme un gran círculo independentemente de que uns/unhas estean orientados/as cara ao centro e outros/as cara a fóra.

DEBATER sobre o que se sentiu e a relación co momento vital (con isto preténdese coñecer máis aos/ás destinatarios/as, ver o seu posicionamento e de que coñecementos partimos para desenvolver o programa).

Unha vez desenvolvido o DEBATE, procederemos cunha breve explicación dos cambios na adolescencia, facendo fincapé no autocoñecemento e na identidade.

- Comeza cos cambios da PUBERDADE. Debemos ter en conta que os/as destinatarios/as deste programa son preadolescentes, e están inmersos/as nestes cambios.
- Maduración sexual e cambios físicos apreciáveis.
- Desenvolvemento cognitivo.
- Aumento de forza e resistencia.
- «Eu e a IDENTIDADE PERSOAL»: problemas relativos ao modo en que o/a adolescente afronta o desafío de construír a súa propia identidade.
- Na adolescencia, os espazos onde son posibles os intercambios ou interaccións sociais expándense de maneira extraordinaria. Ao mesmo tempo debilítase moito a referencia á familia. PROTAGONISMO do GRUPO de iguais¹.

INTRODUCIR a cuestión da identidade, establecer un DEBATE que sirva de introdución á técnica do escudo que se realizará posteriormente. Podemos realizar preguntas como:

- Sabes cal será a túa ocupación nun futuro?
- Como expós os teus tempos? E como elixes o que desexas facer?
- Como escolles a túa roupa?
- Cales son as túas afeccións? Como as escolliches?
- Que fas cando te xuntas cos/coas teus/túas amigos/as? Quen elixe o plan?
- Que visión tes sobre a túa familia? Cres que marcou dalgunha maneira a túa forma de ser?
- Con que carácter te describirías? Como reaccionas cando te enfadas? Funciónache?

¹Balsells i Bailón, M. A. (2003). La infancia en riesgo social desde la sociedad del bienestar. *Teoría de la Educación: educación y cultura en la sociedad de la información*, 4, 1-9.



Nota para educador/a

Que é o autoconhecimento e por que é importante coñecerse a si mesmo.

→ Actividade 2. DINÁMICA DO ESCUDO e reflexión grupal

Obxectivos:

- Traballar as características persoais dunha maneira simbólica e creativa.
- Ampliar o coñecemento que cada un/unha ten de si mesmo/a.
- Dar a posibilidade de recoñecer e redescubrir as súas potencialidades.

Materiais:

- Persoal do escudo.
- Lapis e pinturas.

Desenvolvemento:

O/a educador/a proporcionará a cada alumno/a o modelo do escudo dividido en catro partes. O fin desta actividade é que o personalicen coas súas características a través de debuxos ou palabras. Na primeira parte do escudo deben representar as súas virtudes persoais, na segunda as súas afeccións, na terceira as persoas importantes na súa vida e na cuarta os aspectos relacionados cos seus estudos.

Cando finalizasen o seu escudo, exporano ante os/as seus/súas compañeiros/as, co obxectivo de realizar unha reflexión grupal.

*Se o grupo é moi numeroso exporase unicamente a primeira parte do escudo.

A fin de traballar o autoconceito dende a perspectiva da identidade persoal/grupal, procedemos a explicar o concepto.

Explicación do autoconceito²

O autoconceito atópase relacionado coa aceptación dun/dunha mesmo/a, o benestar ou a falta do mesmo constitúen dous polos nos que o autoconceito atópase sempre presente.

O autoconceito, entendido como a imaxe que un/unha ten de si mesmo/a, dos seus atributos, as súas limitacións e a súa capacidade potencial de interacción cos/coas demais, chega a controlar todas as manifestacións condutuais relevantes, en tanto que a imaxe ten influencia na percepción dos/as outros/as e do mundo externo en xeral.

O autoconceito refírese ás percepcións que temos sobre nós mesmos/as, constituíndo o modo en que nos representamos, coñecémonos e valorámonos. Pero este conxunto de xuízos constrúese a través das experiencias e das relacións que temos coa contorna.



Nota para educador/a

É importante diferenciar entre AUTOCONCEPTO e AUTOESTIMA.

² Información obtida de García, J. F., Musitu G., e Veiga, F. (2006). Autoconceito en adultos de España y Portugal. *Psicothema*, 18(3), 551-556; Massenzana, F. B. (2017). Autoconceito y autoestima: ¿sinónimos o constructos complementarios? *Revista de Investigación en Psicología Social*, 3(1), 39-52; Harter, S. (2012). *The construction of the Self: developmental and sociocultural foundations*. Nueva York: The Guilford Press.

→ Actividade 3: DINÁMICA DAS FORMAS/FIGURAS (Autoconcepto grupal/social)

Obxectivos:

- Descubrir como che ven os/as demais membros do grupo.
- Favorecer a cohesión grupal.
- Comparar o que un/unha pensa de si mesmo/a con o que pensan os/as demais.

Materiais:

- Papel continuo, lapis e pinturas.

Desenvolvemento:

Para empezar, é necesario agrupar aos/ás alumnos/as en parellas. Un/unha alumno/a de cada parella debe tomarse sobre o papel, mentres que a súa parella debúxalle a silueta. Unha vez terminaron de debuxar as siluetas, deben porlle o nome do/da alumno/a ao/á que pertence.

Nesta silueta, escribirán nos lugares nos que corresponda aquelas virtudes que, desde o seu punto de vista, definen aos/ás seus/súas compañeiros/as (por exemplo: intelixente porase na cabeza, mañoso/a nas mans, etc?). A idea é que todos/as os/as alumnos/as escriban un atributo positivo a cada compañeiro/a. Cando terminen poderán ver a súa silueta e reflexionar sobre se se corresponde co que eles/as pensan de si mesmos/as.

A teoría da identidade social expón que por máis complexa que sexa a imaxe que un individuo poida ter de si mesmo en relación co mundo físico e social que lle rodea, algúns dos aspectos desta idea autorreferente serán achegados pola pertenza a certos grupos ou categorías sociais, xunto á significación emocional e de valor que ten para a persoa dita pertenza. Por iso é que o autoconcepto global ten como compoñentes fundamentais a identidade persoal e a identidade social.

→ Actividade 4: DINÁMICA DO BUZÓN

Obxectivos:

- Identificar as nosas fortalezas e debilidades.

Materiais:

- 2 caixas de correos (caixas de cartón), lapis e folios.

Desenvolvemento:

O alumnado introducirá nunha caixa de correos unha nota anónima onde recollan aqueles aspectos que consideren as súas fortalezas e debilidades en relación aos seguintes contextos: colexio, familia e amigos/as

Con esta actividade preténdese facer fincapé na importancia do concepto que temos de nós mesmos/as e como se diferencia do concepto que teñen os/as demais.

Na seguinte sesión, referida á comunicación, levarase a cabo a apertura desta caixa de correos de fortalezas e debilidades.³

³ Información obtida de Tajfel, H. (1981). *Human Groups and Social Categories*. Cambridge: Cambridge University Press; Massenzana, F. B. (2017). Autoconcepto y autoestima: ¿sinónimos o constructos complementarios? *Revista de Investigación en Psicología Social*, 3(1), 39-52.

PRIMEIRA PARTE
COMUNICACIÓN E FAMILIA

SESIÓN 2
De que falamos?

2.1. A comunicación en familia

2.1. A comunicación en familia


Na sesión anterior analizamos a importancia que ten COÑECERSE A UN/UNHA MESMO/A, tanto para saber cales son os nosos acertos, como os nosos erros. Coñecéndoos podemos dicir aos/as demais o que nos gusta e o que non nos gusta. Nesta sesión imos viaxar. Para iso, ademais dos preparativos da viaxe, é moi importante que comuniquemos ás persoas que nos acompañan o que sentimos, do mesmo xeito que debemos escoitar o que nos din e como debemos responderlles.

O que máis nos interesa é que... os/as nosos/as pais/nais deben saber que queremos axudarlles cando nos necesiten, pero non nos apetece porque «estamos cansos/as, temos que estudar, facer deberes ou, simplemente, porque cremos que iso non é cousa nosa, é dos/as maiores».

Tamén sabemos que os/as nosos/as pais/nais queren axudarnos, que nos entenden e que non sempre están dispoñibles.

→ Actividade 1. UNHA METÁFORA COMO PRIMEIRA ACTIVIDADE: UNHA LONGA VIAXE

Pensemos nunha familia de catro membros. Deciden facer unha viaxe e cando quedan dúas semanas para irse, comezan a preparar as maletas repartíndose as cousas máis necesarias. As veces, nas viaxes xorden problemas e a familia ten que actuar como se fose un equipo, pensemos niso. Recordade, a viaxe poder ser en avión, barco, bicicleta, tren, etc.



Nota para educador/

Propón aos/ás asistentes que se agrupen de catro en catro. Que pensen nunha viaxe e, unha vez postos/as dacordo, debuxa no encerado catro rectángulos (maletas) e pídelles que eles/elas tamén o fagan (repártenselles folios).

Unha vez formados os grupos de catro persoas, dispomos de dúas alternativas:

1. Debuxamos os catro modelos no encerado. Pomos os títulos a cada un deles e dous ou tres exemplos en cada maleta. A continuación, pedímoslles que escriban ou nos digan o que consideran que falta por engadir. Ao final preguntámoslles por aquelas cousas que son importantes e necesarias, as que son importantes, pero pódese prescindir delas, e as que son innecesarias.
2. Entregámoslles unha fotocopia por grupo con catro maletas e todos os accesorios escritos. Preguntámoslles se falta algo e se é así que o digan ou escriban. Se algo sobra, deben eliminalo.



MALETA 1: Cor laranxa

«Para a viaxe».

Opción 1: Comida. Hixiene. Repostos (se a viaxe é en bicicleta).

Opción 2: Comida. Bebida. Repostos e ferramentas (en bicicleta). Roupas e calzado. Tenda e colchonetas. Utensilios para cociñar e comer. Mistos, lanterna, velas. Bolsas para o lixo da roupa sucia. Diñeiro.




MALETA 2: Cor azul

«Normas».

Opción 1: Reparto de tarefas.

Opción 2: A hora de espertarse é... e a de deitarse é... Preparar o almorzo. Almorzar. Lavar as cuncas e recoller todo. Asearse (lavarse, bañarse, etc.). Que faremos durante o descanso? Cando repasaremos o aprendido na escola? Que facemos de comida? Quen fai a compra? Separámonos para ver máis cousas e logo contámonolo?



MALETA 3: Cor amarela

«Os descansos».

Opción 1: Xogar (xogos inventados co que hai ao redor, videoxogos, móbil, etc.).

Opción 2: Xogar (xogos inventados co que hai ao redor, videoxogos, móbil, etc.). Escribir unha postal a alguén (amizades, familiares, etc.). Enviar fotos e mensaxes por WhatsApp. Durmir. Debuxar. Facer plans para a viaxe. Charlar sobre a viaxe.







MALETA 4: Cor vermella

«Para comunicarse».

Opción 1: Saudar ás persoas que pasan ao noso lado. Preguntar. Pedir as cousas que se necesiten.

Opción 2: Ao levantarse «bos días». Ao deitarse «boas noites». Saudar ás persoas que pasan ao noso lado. Preguntar. Pedir as cousas que se necesiten. «Podemos parar, estou canso/a?». «Non burlarse dos tropezos dos/as demais». «Non responder aos insultos con outro insulto». «Escoitar as peticións dos/as demais».



→ Actividade 2. OUTRA METÁFORA: OS PETARDOS SON PERIGOSOS¹



Os petardos conteñen pólvora, pouca, pero pólvora. Poden ser perigosos e facernos dano a nós e aos/ás que están preto.

Ás palabras ocórrelles algo parecido. Fan dano e rompen a comunicación. Vexamos algúns destes petardos.



Nota para educador/a

Propón aos/ás asistentes que se agrupen de catro en catro ou que sigan co mesmo grupo inicial. Que continúen pensando na viaxe, pero centrándose na maleta 4 «a comunicación».

Entrégalles unha copia cos petardos e o significado de cada un deles e continúa o procedemento seguinte.

Primeiro: Cada grupo ten unha copia cos petardos e ou seu significado. Deben elixir a dous personaxes que se comuniquen BEN e MAL. Poden elixir entre varias opcións: pai-nai; pai-fillo/a; nai-fillo/a; alumno/a-profesor/a; profesor/a-profesor/a; irmán/á-irmán/á, etc. Unha vez elixida a opción, deben elaborar un diálogo (10 minutos, 8 liñas) con polo menos tres petardos. Finalmente, piden a dous/dúas voluntarios/as dentro do grupo que representen o diálogo elaborado.

Segundo: Se non hai voluntarios/as nalgún grupo, pídense ao gran grupo (dous de dous grupos) para que representen o diálogo elaborado e que o resto identifique os petardos do diálogo.

Alternativa:

Se non conseguísemos voluntarios/as, o/a educador/a pode escenificar os seguintes diálogos:

¹ Actividade adaptada do traballo de Cava, M. J., e Musitu, G. (2002). *La convivencia en la escuela. El Programa Convivir*. Barcelona: Paidós.

- Que alguén pola rúa lle pregunte, que hora é? de boas e malas maneiras. As respostas irán en consonancia coas maneiras da pregunta. QUE PETARDOS HAI AQUÍ?
- Un/unha alumno/a fai unha pregunta a un/unha profesor/a e, dependendo do modo de preguntar, este/a responde ben ou mal. QUE PETARDOS HAI AQUÍ?
- O voso pai ou a vosa nai pídevos que lle axudedes nunha tarefa (pídeo ben ou mal) e respondédeslle de acordo ao ton da petición. QUE PETARDOS HAI AQUÍ?
- O voso irmán ou irmá pídevos (ben ou mal) que lle axudedes cos deberes. Respondemos á petición ben ou mal. QUE PETARDOS HAI AQUÍ?
- Un amigo ou amiga de clase búrlase de como ides vestidos/as. Como respondemos? QUE PETARDOS HAI AQUÍ?

Terceiro: Iniciamos un debate, se é que xa non o houbo, sobre as consecuencias deste tipo de reaccións.

- Sobre as dificultades de comunicarse en certas condicións: os petardos destrúen.
- Sobre responder da mesma forma que o petardo.
- A importancia de BUSCAR E PERSEGUIR a tranquilidade.
- INTERROMPER o mínimo.
- Expresar a nosa molestia sen caer en AMEAZAS, CULPAS, ACUSACIÓNS, etc.
- Axudar non é **«dicirlle a outro/a o que ten que facer»** ou **«quitarlle importancia ao asunto»**.
- Cando alguén se queixa de nós, **escoitámoslle e pedímoslle** que nos deixe explicarnos, sen petardos.

Cuarto: Podedes poñer algún exemplo de petardo que vos sucede?



Nota para educador/a:

- Debe procurar por todos os medios que a representación se leve a cabo (a súa ou a dos grupos).
- Non forzar a ninguén a facer a representación (sortear se procede).
- Recoller os diálogos elaborados polos distintos grupos.



AMEAZAR



CULPAR



RIDICULIZAR



SERMONAR



XULGAR



INSULTAR




IRONIZAR



CONSOLAR



INTERROGAR



DIRIXIR

AMEAZAR

«Como non
o fagas...»
ADVERTIR
AVISAR
PREVIR

XULGAR

«É intolerable...»
AVALIAR

INTERROGAR

«Por que?,
Como?»
EXAMINAR
INVESTIGAR

CULPAR

«Como non
me fas caso...»
ACUSAR
CONDENAR

INSULTAR

«É estúpido/a,
e egoísta...»
MENOSPREZAR

DIRIXIR

«O que tes
que facer é...»
MANDAR
ORDENAR
CONTROLAR

RIDICULIZAR

«Que estupidez...»
BURLARSE SEN
SENTIDO

IRONIZAR

«Ti non dás
para máis...»
BURLA

SERMONAR

«Eu, no
teu lugar...»
RIFAR

CONSOLAR

«Xa se che
pasará...»
NEGAR O
PROBLEMA
TRANQUILIZAR

SEGUNDA PARTE
IMPLICACIÓN FAMILIAR

SESIÓN 3
A relación coa escola

3.1. Que son os hábitos de estudo?

3.1. Que son os hábitos de estudo?

Na sesión anterior realizamos unha viaxe na que aprendemos, ademais dos preparativos da viaxe, a importancia que ten comunicar ás persoas que nos acompañan o que sentimos, do mesmo xeito que debemos escoitar o que nos din e como debemos responderlles.

AGORA IMOS A FALAR DOS HÁBITOS DE ESTUDO.



Nota para educador/a

Propón aos/ás asistentes unha actividade baseada na choiva de ideas.

→ Actividade 1. O LUGAR DE ESTUDO

Como cren que debe ser o seu lugar de estudo. En grupos de 3 que o falen durante 5 minutos e comentámolo e escribimos na lousa.



Nota para educador/a

Explica a importancia do lugar de estudo e dos factores ambientais e persoais. A continuación, exponlles a seguinte pregunta:

— **Que temos que cambiar para que o noso lugar de estudo mellore?**

Escribe na lousa uns exemplos seleccionados coas propostas máis representativas (por exemplo, «a importancia dos distractores»).

→ Actividade 2. A PLANIFICACIÓN DO ESTUDO



Nota para educador/a

Expón, a modo de introdución, a importancia da planificación e organización. **Que sucede cando temos que realizar varias tarefas?**

Dinámica a seguir:

- Facer un calendario semanal no que debuxen as actividades extraescolares que realizan ao longo do día, e comentar cales son as mellores horas para que estuden/repasen/fagan os deberes.
- Terminar o horario coas súas familias (o que fan cando non están no colexio).

Materiais:

- Lapis. Folios. Pinturas. Xices. Calendario fotocopiado.

→ Actividade 3. COMO ESTUDAMOS? SEGUE A HISTORIA



Nota para educador/a

Empezamos nós a contar unha historia sobre un/unha neno/a que non estudaba por culpa do WhatsApp... e teñen que continuar eles/as un/unha a un/unha.

Dinámica a seguir:

Tras elixir o tema comezamos unha historia relacionada e, os/as demais, de forma consecutiva, continúaana. Cada membro do grupo dispoñerá de entre 30 segundos e 1 minuto para contar a súa parte da historia e cada compañeiro seguirá contando a historia desde o punto no que o/a compañeiro/a deixoua. Así sucesivamente ata que todos/as os/as membros do grupo conten a súa parte da historia.



Nota para educador/a

Anota, nun folio, os asuntos que vaian xurdindo relacionados cos distractores, para logo comentarlos e discutirlos en grupo.

→ Actividade 4. COMO NOS ORGANIZAMOS? ORDENARSE POR IDADES

Dinámica:

- Todos en fila, adquiren o compromiso de non falar mentres se explica a dinámica nin durante a súa execución, só poden facer xestos.
- O obxectivo do grupo é ordenarse por datas de nacemento por orde descendente, de maior a menor, pero sen falar.
- Finalmente, contrastaremos a orde sen falar, coas datas reais.

SEGUNDA PARTE
IMPLICACIÓN FAMILIAR

SESIÓN 4
O traballo escolar no fogar

4.1. Técnicas de estudo

4.1. Técnicas de estudo

Na sesión anterior comentamos as cousas que facedes cando vos poñedes a estudar. Como vos organizades e como resolvedes as situacións nas que tedes que facer varias tarefas. Tamén falamos das situacións que máis nos distraen cando estamos a estudar.

Agora imos presentar algunhas técnicas que nos axudan a estudar.



Nota para educador/a

Propón aos/ás asistentes unha actividade pensada para destacar o papel da ATENCIÓN.

→ Actividade 1. PRESTAR ATENCIÓN. DINÁMICA DE CONTAR ATA 10



Nota para educador/a

No portal EDUforics buscando «estratexias para manter a atención» aparecen directrices interesantes.

Dinámica a seguir

- Aínda que pensamos que é moi fácil contar ata 10, ás veces non o é tanto. Temos que tentar que a clase, sen acordo previo, tente dicir os números de un en un ata chegar a dez, sen repetir ningún. Se se oe a dúas persoas dicir o número á vez, teremos que volver comezar.
- Manter a atención sobre algo é importante porque facilita o recordo e a localización de situacións, contidos, etc.
- Explicar que ATENDER NON É FÁCIL. Canto estamos no cinema ou vendo a tv na casa, canto tardamos en apartar a vista da pantalla ou empezamos a movernos no asento? E iso que estamos a ver unha película! Imaxinémonos en clase...



→ Actividade 2. A MEMORIA. TÉCNICA DA CADEA



Nota para educador/a

Para adestrar a memoria imos empregar **representacións ou imaxes para logo asociais**. Esas representacións mentais lémbrense tanto mellor canto máis **ORIXINAL** é a súa realización (por exemplo «cama e peixe»: imaxínaste un peixe durmindo na túa cama).

É moi importante visualizar a imaxe sen facer comentarios.

Dinámica a seguir:

Primeiro: Débese asociar cada palabra coa seguinte mediante unha imaxe.

As palabras son:

1. Palmeira
2. Cegoña
3. Porta
4. Helicóptero
5. Praia
6. Medalla
7. Libro
8. Bebé
9. Xeado
10. Autobús

Segundo: Repasa as túas imaxes unha soa vez ordenadamente e pasa á páxina seguinte.



Nota para educador/a

Unha vez o alumnado repase as imaxes debe pasar páxina e, sen mirar, escribir as imaxes mentais que formaron. Se non se acorda dalgunha pode botar unha pequena ollada á páxina anterior.

Terceiro: Escribir as seguintes asociacións de palabras: (1-2). (2-3). (3-4). (4-5). (5-6). (6-7). (7-8). (8-9). (9-10).

Cuarto: Unha vez relacionadas, pasa a páxina e lembra as palabras por orde. Escribeas.

Materiais:

Lapis e folios.

Lista de palabras.

1. Palmeira
2. Cegoña
3. Porta
4. Helicóptero
5. Praia
6. Medalla
7. Libro
8. Bebé
9. Xeado
10. Autobús

Lista de asociacións.
Lembra e escribe!

(1-2).

(2-3).

(3-4).

(4-5).

(5-6).

(6-7).

(7-8).

(8-9).

(9-10).

Recordo de palabras.
Escríbeas!

1.

2.

3.

4.

5.

6.

7.

8.

9.

10.

Para practicar na casa!





Nota para educador/a

Entregamos un conto a cada alumno/a e establecemos a seguinte dinámica:

- Prelectura do conto de forma individual.
- Dividir ao gran grupo en equipos de 4 persoas.
- Realizar as actividades que aparecen a continuación.

Documento: *Aprendo a estudar. Cuadernillo 5. Aprendo a realizar esquemas y resúmenes.* (www.planetasaber.com).

→ Actividade 3. O ESQUEMA



Nota para educador/a

Que é un esquema?

É unha maneira de ordenar o máis importante do texto nunha serie de frases.

Os primeiros pasos:

- O título do esquema é igual que o título do conto.
- Subliñar ou copiar as ideas máis importantes.

ESCRÍBEAS NUNHA FRASE CURTA... É O ESQUEMA!

Como facelo?:

- O primeiro é unha lectura atenta.
- O segundo é facerse preguntas.
- Subliñar.
- Escribir notas.

Un exemplo: «Érase unha vez un pai que tiña tres fillos moi preguiceiros. Púxose enfermo e mandou chamar ao notario para facer testamento...»

Nota: «Pai fai testamento»

Esquema: «Un pai que vai facer testamento para os seus tres fillos».

→ Actividade 4. O RESUMO



Nota para educador/a

Que é un resumo?

É unha redución do conto que nos facilita a súa comprensión. Os pasos:

O esquema → O resumo

«Un Pai que está enfermo, quere facer testamento para os seus tres fillos preguiceiros».

Los tres perezosos¹

Érase una vez un padre que tenía tres hijos muy perezosos. Se puso enfermo y mandó llamar al notario para hacer testamento:

—Señor notario —le dijo— Lo único que tengo es un burro y quisiera que fuera para el más perezoso de mis hijos. Al poco tiempo el hombre murió y el notario viendo que pasaban los días sin que ninguno de los hijos le preguntara por el testamento, los mandó llamar para decirles:

—Sabéis que vuestro padre hizo testamento poco antes de morir. ¿Es que no tenéis ninguna curiosidad por saber lo que os ha dejado?

El notario leyó el testamento y a continuación les explicó:

—Ahora tengo que saber cuál de los tres es más perezoso.

Y dirigiéndose al hermano mayor le dijo:

—Empieza tú a darme pruebas de tu pereza.

—Yo, —contestó el mayor— no tengo ganas de contar nada.

—¡Habla y rápido! Si no quieres que te meta en la cárcel.

—Una vez —explicó el mayor— se me metió una brasa ardiendo dentro del zapato y aunque me estaba quemando me dio mucha pereza moverme, menos mal que unos amigos se dieron cuenta y la apagaron.

—Sí que eres perezoso —dijo el notario— yo habría dejado que te quemaras para saber cuánto tiempo aguantabas la brasa dentro del zapato.

A continuación, se volvió al segundo hermano:

—Es tu turno, cuéntanos algo.

— ¿A mí también me meterá en la cárcel si no hablo?

—Puedes estar seguro.

—Una vez me caí al mar y, aunque sé nadar, me entró tal pereza que no tenía ganas de mover los brazos ni las piernas. Menos mal que un barco de pescadores me recogió cuando ya estaba a punto de ahogarme.

—Otro perezoso —dijo el notario— yo te habría dejado en el agua hasta que hubieras hecho algún esfuerzo por salvarte.

—Por último, se dirigió al más pequeño de los tres hermanos:

—Te toca hablar, a ver qué pruebas nos das de tu pereza.

—Señor notario, a mí lléveme a la cárcel y quédese con el burro porque yo no tengo ninguna gana de hablar.

Y exclamó el notario:

—Para ti es el burro porque no hay duda que tú eres el más perezoso de los tres.

¹ Briz Hidalgo, F. J. (2015). *Cuentos populares españoles*. Ceuta: Publiceuta.

implica2



EDU2015-66781-R



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

